Ourense 20 de maio de 1965

Sr. Don Ricardo Carballo Calero
Lugo

Meu querido e admirado amigo: Unha forte e verdadeira aperta cas grácias a Vde e a sua dona - b.s.p. - por a dilixencia, traballo e cortesia de me mandar as informaciós, pra min demasiado xenerosas, do "Progreso" co gallo do pechamento do curso de galego. Penso moito no traballo de Vdes e de Arcadio, e con moita alegria. Debia escribirlle con meirande calma e rigor, pro atópome cativo: estou correxindo os infindos erros da copia do meu mamotreto feixóan pra mandar á Imprenta. E parezo un home espulgando a mán un can infecto. Cando rematar, hei sentirme de novo lixeiro.

Desexo pra Vdes os folgos dun vrán repousado. Con saúdos e lembranzas de Fita. Sempre vello e agradecido amigo

R. Otero Pedrayo

AC
1R 1180